

PRONOME DE SOLIDARIEDADE

O pronome de solidariedade é unha forma do pronome átono de segunda persoa que se emprega cando se quere facer participar ao interlocutor (ou interlocutores) do que estamos a dicir, implicándoo afectivamente na acción expresada polo verbo. A información que expresamos nunha oración non se ve alterada pola presenza ou ausencia do pronome de solidariedade. Distinguímolo dos outros pronomes en que, se o suprimimos, non se altera a frase.

- *Eu márcholle que levo présa*
- *¡Estache boa a comida!*
- *Évos unha boa cousa*

As formas son distintas segundo sexan un ou varios interlocutores e segundo empreguemos o tratamento da familiaridade ou o de cortesía:

	Un interlocutor	Varios interlocutores
Tratamento familiar	che	vos
Tratamento de cortesía	lle	lles

Cando nos diriximos a varios interlocutores e temos, polo tanto, que usar a forma de plural do pronome de solidariedade, pode aparecer tamén unha forma redundante singular:

- *Estáchevos boa a comida!*
- *Échevos unha boa cousa*

PRONOME DE INTERESE

Este pronome refírese a unha persoa –con frecuencia o propio emisor- que, sen participar na acción verbal, ten un interese nela porque lle ocasiona un beneficio ou prexuízo, é dicir, a persoa resulta particularmente afectada pola acción verbal ou interesada nela. Presenta as formas átonas de CI, en calquera persoa gramatical (me, che lle, nos, vos, lles):

- *Non quero que te **me** movas de aquí.*
- *Non **me** sexas mentireiro.*
- *Cando **lles** vivían os pais estaban mellor.*

Con frecuencia aparece con outros pronomes átonos:

- *Non gaño para roupa, ao mes tén**chema** desfeita* = con tres pronomes átonos: “che” (DS), “me” (CI), “a” (CD)

Poden aparecer as catro formas:

- *- E logo que **che lle** pasou nas gafas ao rapaz? – Rompéron**chellesmas*** = DS + CI + DI + CD

É mesmo frecuente a presenza de máis dun clítico onda o verbo. Cando isto ocorre, a orde que gardan entre si os pronomes segue normas estritas:

- O reflexivo **se**, calquera que sexa a súa función, ocupa o primeiro lugar na secuencia, algo que non é extensible aos outros reflexivos: *Nótase**chelle** ben que está namorada / Que non se che esqueza.*
- Cando hai CI e CD vai primeiro o Indirecto: “Xa **mo** (me+o) dixo”
- Se aparece un DS vai antes có CI e có CD: “Dixéron**chemo** (che, me+o)”
- Se hai ademais un Dativo de Interese, a secuencia sería: **DS+CI+DI+CD**.
- Se os pronomes van enclíticos, o de solidariedade sóldase aos outros: *Entregáron**chemo***, pero se vai proclítico non se solda: *Non **che mo** entregaron*